

Menú de Novembro 2022

| | | | | |
|--|---|--|--|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| | FESTIVO | Chícharos á galega Raxo de polo con patacas cocidas Lácteo | Sopa de tomate Albóndegas con arroz Froita | Fabada Peixe á prancha con ensalada Lácteo |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| Coliflor á galega Tallaríns con carne Froita | Sopa de letras Tortilla con ensalada Froita | Lentellas vexetais Caldeirada de peixe Lácteo | Crema de verduras Peituga de polo á prancha con arroz Froita | Caldo galego Peixe á prancha con ensalada Castañas asadas |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| Brécol con allada Macarróns con atún Froita | Crema de cabaza Costela ao forno con arroz Froita | Sopa de fideos Peixe á prancha con ensalada Lácteo | Cogomelos ao allio Zorza con patacas cocidas Froita | Potaxe de garavanzos Peixe á prancha con ensalada Lácteo |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| Xudías á galega Espaguetes á boloñesa Froita | Sopa de estrelas Polo ao forno con arroz Froita | Lentellas Peixe á prancha con ensalada Lácteo | Minestra de verduras Raxo con patacas Froita | Crema de cabaza Peixe á romana con ensalada Lácteo |
| 28 | 29 | 30 | *Os menús poderán sufrir modificacións por imprevistos. | |
| Minestra de ovos Macarróns gratinados Froita | Ensalada grega Tenreira guisada Froita | MENÚ ESPECIAL FIN DE MES | | |

Despois da pandemia volvemos a celebrar o magosto como sempre se fixo. As boas tradicións deben pervivir e o magosto é unha delas.

Ante un produto tan prezado como é a castaña, que foi unha importante fonte de alimentación durante moito tempo, non é de estrañar que haxa unha festa adicada a elas. Tamén lle cantan os poetas. É o caso do precursor do Rexurdimento, **Francisco Añón**, co poema titulado precisamente así, “o magosto”.

Pero este mes non é soamente o mes das castañas. Recordade que empezamos o P.D.I da biblioteca “Animados Animais” e teremos que investigar sobre os animais.

Para celebrar todo isto déixovos un enlace á Canción do Magosto “Trece lúas” para que poidades escoitar e ver o vídeo.

https://www.youtube.com/watch?v=MROVeaRgT7U&ab_channel=MERCEDESRIVERA

Canción do Magosto “Trece lúas”.



TIÑA MARÍA NO PETO
CATRO CASTAÑAS ASADAS
VEU UN GATO AMARELO
VEU UN GATO AMARELO
E LARPOULLE A PAPARADA
AILALALALALALALALALA